



HTCO



MÁSTER EN VALORACIÓN,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 01 DE FEBREIRO DE 2018**

A C T A

Ás 13:00 horas do día indicado, reúnen-se na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

Asistentes (5):

Belén Riveiro Rodríguez, Mercedes Solla Carracelas, Elena de Uña Álvarez, Fermín Pérez Losada e Adolfo Fernández Fernández.

Ausentes (1): Natalia Caparrini Marín.

ORDE DO DÍA:

1. Informe do Coordinador.

O coordinador informa que estaba publicado un calendario de TFM na web. Hoxe remata o prazo para presentar as solicitudes de titorización e ten habido problemas para que os alumnos escollan titor polo que se vai ampliar o prazo ata o día 9 de febreiro para que os alumnos teñan tempo de contactar cos titores. Tamén se modificou e clarificou todo o calendario de TFM que será colgado na web e notificaráselle aos alumnos.

O coordinador informa que todos o profesores internos poden ser titores e os externos só poden ser co-titores. Entre os internos, pódese establecer que cada profesor debe titorizar polo menos dous TFM (se llo solicitan). O resto de solicitudes poden ou non ser atendidas. O externos non teñen ningún tipo de obriga de titorización.

Belén sinala que nos últimos anos obsérvase que poucos alumnos se inclinan cara temáticas do módulo 2 polo que ve complicado que se poda distribuír uniformemente os TFM debido ás temáticas.



2. Proposta de concesión de Matrícula de Honra para TFM lido na convocatoria adiantada (xaneiro 2018).

O coordinador informa que hai unha proposta de MH para o alumno Óscar Guevara Guevara e que é a CAM quen debe decidir si outorga dita MH. O coordinador informa que se outorgamos esta MH só quedaría unha para a seguinte convocatoria. Os membros da CAM analizan as cualificacións das outras materias do alumno observando que acadou varios sobresaíntes e notables.

Belén Riveiro sinala que se outorgamos a MH agora, o resto de alumnos deste ano vense agravados ao ter, o alumno Óscar Guevara, máis tempo para realizar o seu TFM fronte aos que presenten nesta convocatoria.

Mercedes Solla coincide con Belén Riveiro ao sinalar que xa é o terceiro curso académico que se presenta polo que se produce un agravio respecto aos alumnos que presenten TFM no curso académico que lles corresponde.

Logo de varias reflexións dos membros da CAM decídese por unanimidade conceder a MH ao alumno Óscar Guevara e decídese que para o vindeiro curso académico modificárase os criterios de concesións de MH para evitar este tipo de problemáticas.

3. Solicitude de prácticas externas fóra de prazo.

O coordinador informa que hai unha solicitude de prácticas da alumna Macarena Valenzuela que chegou fóra de prazo. A coordinadora de prácticas emitiu un informe á CAM onde propón a denegación de dita solicitude en base a varias probas que achega no seu informe. (vai anexo)


Denégase por unanimidade a solicitude de solicitude de prácticas da alumna Macarena Valenzuela por achegar dita solicitude fóra de prazo, como indicou a coordinadora de prácticas.



Informe solicitude
Macarena Valenzuel

4. Rogos e preguntas

Non hai. Levántase sesión a las 14:00



HTCO



MÁSTER EN VALORACIÓN,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

Ourense, a 01 de febreiro de 2018

O Coordinador

Asdo. Fermín Pérez Losada

O Secretario

Asdo. Adolfo Fernández Fernández

DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 01/03/2018.

O Secretario,

Adolfo Fernández Fernández